



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 26 de setembro de 2016

HORA DE COMEZO: 19:08 h.

HORA DE REMATE: 20:10 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 19 de setembro de 2016.

URBANISMO E PATRIMONIO

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura



Concello de Cangas

Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.



Concello de Cangas

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 26.083.- A M.F.B., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Galicia, nº 3-2ªA-Cangas, para en Piñeiro-Darbo, en solo regulado pola ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 127,64 m²., de semisoto; 129,59 m²., de planta baixa; 21,62 m²., de terrazas e 59,15 ml., de cerramento, de conformidade co proxecto básico de data xullo de 2016 da arquitecta, María Teresa Fernández Iglesias, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada de 16,45 m²., correspondentes á parcela nº 1, e 18,00 m²., correspondentes á parcela nº 2 de data 25 de agosto de 2016, e 48,00 m²., en escritura pública de data 7 de setembro de 2016.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de mil dezasete euros con corenta e oito céntimos (1.017,48 €).

EXPEDIENTE Nº 25.808.- A D.Z.L., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Maestro Chañe, nº 4-4ªA-Vigo, para en Outeiro-Balea, en solo regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 96,80 m²., de semisoto; 85,41 m²., de planta baixa; 59,86 m²., de primeiro andar; 68,72 m²., de terrazas e 57,17 m²., de cerramento, de conformidade co proxecto básico do arquitecto Ricardo Salgado Salgado, de decembro de 2015, a que antes do comenzo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de seiscentos dous euros con dezaioito céntimos (602,18 €).

EXPEDIENTE Nº 25.649.- LICENZA MUNICIPAL Nº 24.470.- A L.B.P., modifícaselle a referida licenza no sentido en que tamén se autoriza a



Concello de Cangas

construción dunha bodega de 26,60 m²., de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto Aaron Vilas Otero, visado en data 29 de agosto de 2016.

2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.598.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR M.F.R.M.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 20 de setembro de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a M.F.R.M., con enderezo en Estrada Bueu, nº 10-San Cibrán-Aldán, para construción de unha vivenda, sita en Seixido, s/n-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 22.850. b) Asimesmo aprobase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.



Concello de Cangas

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 26.046.- A GAS GALICIA SDG SA, para na Avda. da Coruña, nº 81 (por rúa San Pedro), executar unha acometida de 8,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 24.587.- LICENZA Nº 23.518.- A M.L.C.R., outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co previsto no artigo 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia.



Concello de Cangas

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

Dase conta a Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.985.- A M.D.M.G., para obras de reforma e conservación de vivenda sita en Areacoba, nº 76-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 26.035.- A M.A.P., para obras de reparacións exteriores en vivenda (pintado exterior e cambio de carpintería exterior), sita en Longán, nº 79-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 26.044.- A O.S.D., para cambio de fiestras en vivenda sita en rúa Félix Soage, nº 9-1º-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.057.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "VISTA Ó MAR", para obras de conservación e mantemento de fachadas de pedra en edificación sita en Estrada ao Muelle, nº 7-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 26.058.- A A.P.R., para cerramento de parcela sita en Nerga, nº 32-B-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.061.- A O.B.H., para cambio de material de cubrición de edificación existente dedicada a garaxe/trasteiro sita en Cunchido, nº19-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 26.062.- A R.P.R., para revestimento de fachada de edificación sita en rúa Palomar, nº 23F-San Pedro, Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.063.- A J.G.O., para reparacións exteriores, cambio de material de cubrición e pintado de fachadas en vivenda sita en Vilanova, nº 5-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.064.- A M.P.B., para reparacións exteriores en vivenda (colocación de SATE en fachada do 1º andar e baixo cuberta, pintado de aleiros de cuberta e substitución de fiestra en edificación existente sita en rúa Centro de Espiñeira, nº 20-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 26.066.- A M.C.R.M., para reparación de cuberta en vivenda sita en Circundado da Pedreira-A Pedreira-Coiro.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 26.071.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "CASTELAO", para rehabilitación de fachada norte e sur de edificación existente sita na Avda. de Vigo, nº 136- Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.972.- A M.G.M., para reparación de cuberta, fachadas e substitución de carpintería exterior en edificación existente sita en rúa Santo Domingo, nº 11-A Pedreira-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 26.073.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "VIFRA I", para reparación de fachadas de edificación existente sita en rúa Reboredo, nº 9- Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.074.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "COSTA DA VELA", para reparación de cuberta e terraza do baixo cuberta de edificación existente sita na Avda. de Vigo, nº 87-89-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.078.- A C.B.G., para substitución de material de cuberta en vivenda sita en rúa María Soliño, nº 2-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.080.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "GATAÑAL BLOQUE II", para reparación de cuberta, terrazas e fachadas de edificación sita en rúa Pontillón, nº 1, 3, 5, 7 e 9-Darbo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.082.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "ROBLEDA 3", para reparación de fachadas de edificación existente sita en rúa Antonio Soage Jalda, nº 3-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.084.- A M.E.E.N., para substitución de material de cubrición de vivenda existente e restauración de fachada de bufarda sita en rúa Enseñanza, nº 7-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.085.- A T.O.B., para cerramento de parcela sita en Fontenova-O Igrexario-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.087.- A P.N.R., para cerramento de parcela sita na Garita, nº 22-Rodeira-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.088.- A J.B.E.L., para cerramento de parcela sito na Besadiña, Estrada Viso ao Hío-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.089.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "AVENIDA DE VIGO 10", para reparación de fachadas sur e leste de edificación existente, na Avenida de Vigo, nº 10-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.091.- A F.J.M.P., para pintado de fachadas en vivenda sita en Rúa Berbetaña, nº 3-Cangas.



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 26.099.- A M.D.P., para cerramento de parcela sita en "Arnado"-Vilanova-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 26.102.- A M.C.B.S., para reparación de cerramento existente de parcela sita en San Cibrán-Aldán.

FACENDA

4º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

4.A) DACIÓN DE CONTA DE RECURSO DE APELACIÓN Nº 4047/16-SENTENZA Nº 393/2016 DITADA POLO TSX GALICIA CON/AD SEC. 2

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada dos seguintes datos:

1.- PO 519/2014-MS-RECURSO APELACIÓN Nº 4047/16-SENTENZA Nº 393/2016 DITADA POLO TSX GALICIA CON/AD SEC. 2

- A persoa recorrente: L.P.Q.

- Asunto: estimación de recurso de apelación.

- Contido: estímase o recurso de apelación interposto por dona L.P.Q. contra a sentenza de 24 de novembro de 2015 dictada polo Xulgado Contencioso-Administrativo Nº 1 de Pontevedra no procedemento ordinario número 519/2014; sentenza que revoga e pola que se estimou o seu recurso contencioso administrativo contra Resolución de 4 de xullo de 2014 confirmatoria en vía administrativa da anterior de 29 de abril de 2014; declara que o acto administrativo impugnado non é conforme a Dereito por dictarse nun expediente caducado e o anula.

4.B) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 393/2016 DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA S/RECURSO DE APELACIÓN Nº 40407/2016

Dáse conta de sentenza nº 393/2016 ditada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de apelación nº 4047/2016 e procedemento ordinario nº 519/2014-MS, promovida por L.P.Q.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 393/2016 ditada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de



Concello de Cangas

Galicia, recaída no recurso de apelación nº 4047/2016 e procedemento ordinario nº 519/2014-MS, promovida por L.P.Q.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE AXUDA POR EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do día 21.09.2016, relativa a resolución de axuda por emergencia social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Estanislao Graña García, xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo, (Pontevedra).

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de Servizos Sociais comunitarios, , propónse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de catrocentos euros (400,00 €) a V.G.R."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

6º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO SERVIZO COMEDOR ESCOLAR PARA O CURSO 2016-17

Dáse conta de proposta do día 23.09.2016 do concelleiro de Ensino e Deportes, referente a aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar, curso 2016/2017, que di o seguinte:

"2ª PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2016/2017

Xoán Carlos Chillón Iglesias, concelleiro de Ensino e Deportes do Concello de Cangas PROPÓN:

Á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva da 2ª lista de axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/alumnas de educación



Concello de Cangas

infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP Nazaret, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa, para o curso 2016-2017.

Nº REXISTRO	APELIDOS, NOME SOLICITANTE	APELIDOS, NOME USUARIO/A COMEDOR	CENTRO DOCENTE CEIP	PRAZA	BONIFICACION	IMPORTE AXUDA PROPOSTA	RESOLUCION	MOTIVO
12.188	M.C.M.	M.C.A.M.	O HÍO	FIXA	60%	252,126 €	CONCEDIDA	VALÓRASE A SITUACIÓN DO ANO 2016, POLOS CAMBIOS SOBREVIDOS
		M.C.U.	O HÍO	FIXA	60%	252,126 €	CONCEDIDA	

Os/As menores poderán incorporarse ao servizo de comedor escolar a partir do 3 de outubro de 2016”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita do concelleiro de Ensino e Deportes, referente a aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar, curso 2016/2017.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

7º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL, S/ A TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 4 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

Dase conta de proposta da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local do día 21.09.2016, referente a transmisión efectiva do posto de venda de peixe nº 4 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

"PZ 16/002

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA Á TRANSMISIÓN EFECTIVA DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 4 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

ANTECEDENTES

I.- Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 31.05.2016 foi autorizada a transmisión do posto de peixe nº 4 da Praza de Abastos solicitada por escrito



Concello de Cangas

de rexistro de entrada nº 5703 de 10.05.2016 por J.G.R, con e R.M.M.G., con con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Eduardo Pondal nº 5-Cangas.

II.- Despois de serlle notificado o acordo anterior ás interesadas o 21.06.2016, dentro do período previsto regulamentariamente para tal efecto remiten escrito de data 27.07.2016 con intención de comunicar a transmisión efectiva do posto, reiterado o 19.09.2016.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente no seu artigo 31 dispón:

'(...) Se o concello autoriza a transmisión, dispon dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal a todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto.'

SEGUNDA.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos os dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

TERCEIRA.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para as transmisións de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da transmisión da condición de concesionario do posto nº 4 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que era titular, J.G.R., a favor de R.M.M.G.

SEGUNDO.- Declarar que R.M.M.G. ten adquirida a concesión do posto de peixe nº 4 da Praza de Abastos sendo a súa titular para todos os efectos e sucedendo á anterior titular en todos os dereitos e obrigas polo tempo que resta ata o remate da concesión que se lie transmite.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados, á concellería de desenvolvemento económico e emprego local, así como á Tesourería."



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local do día 21.09.2016, referente a transmisión efectiva do posto de venda de peixe nº 4 do Mercado Municipal de Abastos.

MEDIO AMBIENTE E TURISMO

8º.- DAR CONTA DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CANGAS PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓNS NO "ROTEIRO DE DONÓN"

Dase conta de sinatura o día 21 de setembro de 2016 de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Cangas para levar a cabo actuacións no "ROTEIRO DE DONÓN".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 21 de setembro de 2016 de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Cangas para levar a cabo actuacións no "ROTEIRO DE DONÓN".

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia ao departamento de Intervención e concellería de Urbanismo.

9º.- DAR CONTA DA AUTORIZACIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, PARA A INSTALACIÓN DE QUIOSCO DESMONTABLE DE TEMPADA NA ZONA DE SERVIDUME E PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE NO TERMO MUNICIPAL DE CANGAS

Dáse conta de proposta da Alcaldía de data 20.09.2016, referente ás autorizacións concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a instalación de quioscos desmontables de tempada na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre, que é como segue:

"O Alcalde-Presidente, D. Xosé Manuel Pazos Varela, da conta á Xunta de Goberno Local das autorizacións concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a instalación de quioscos desmontables de tempada na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre no termo municipal de Cangas:



Concello de Cangas

• *Primeiro.- Concesión de licenza de apertura para instalación de quiosco desmontable en terreo privado, en zona de servidumbre, durante a tempada de verán 2016, autorizado administrativamente pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Cumprindo coas condicións do anexo.*

• *Segundo.- Dar traslado do presente acordo aos interesados e aos departamentos de Intervención, Xestión de Ingresos e Estatística.*

1.- C.M.R. para a instalación de un quiosco de 20,00 m²., no lugar de praia de Areabrava-O Hío-Cangas."

ANEXO:

As licenzas outorgadas estarán sometidas ás seguintes CONDICIÓNs:

1º.- Previamente á instalación deberase proceder ao pagamento das taxas que por concesión de licenza temporal lle sexan liquidadas pola Intervención Municipal.

2º.- O horario de apertura será de 10.00 horas atas as 22.00 horas.

3º.- Queda prohibida calquera tipo de ambientación musical.

4º.- Deberá depositar o lixo e desperdicios no colector do lixo máis próximo, debendo habilitar, a súa costa, un colector no caso de que os de propiedade municipal resulten insuficientes. O abandono da limpeza ou aspecto degradado na instalación será causa suficiente para a anulación da autorización.

5º.- A autorización municipal é intransferible.

6º.- Queda prohibida a venda ou elaboración de calquera tipo de comidas, podéndose unicamente proceder á venda de bebidas e xeados, non admitíndose tampouco o consumo de comidas aportadas polos/polos usuarios/usuarias.

7º.- Todas as súas conducións de servizo terán que ser soterradas e o sistema de saneamento garantirá unha eficaz eliminación das augas residuais, así como a ausencia de malos cheiros. Con este obxecto, as instalacións deberán conectarse á rede de saneamento xeral se existe, quedando en todo caso prohibido os sistemas de drenaxe e absorción que poidan afectar á area ou á calidade das augas de baño.

8º.- A instalación será desmontada trascorridos 15 días desde a súa extinción.

9º.- Non se permitirá a execución de obras de fábrica debendo efectuarse a instalación con materiais desmontables de cor branco, madeira ou similares.

10º.- O prazo de vixencia estenderase desde o día 1 xuño ata o 30 de setembro do 2016.

11º.- Disporase do correspondente certificado sanitario e do seguro de accidentes para os/as usuarios/usuarias.



Concello de Cangas

12º.- *O/A titular e o persoal ás súas ordes deberá exhibir, en calquera momento no que así se solicite, por calquera autoridade competente para iso, a correspondente autorización.*

13º.- *Observarase o previsto no Rd 2817/83, do 13 de outubro, e na Orde do 31 de marzo de 1976 (BOE do 24 de abril).*

14º.- ***Advírteselle ao/á interesado/interesada que no caso de instalación de terraza sen cumprimentación dos requisitos solicitados, procederase por parte da Policía Local ao levantamento inmediato desta, dando lugar, así mesmo, ás accións legais que o Concello estime oportunas.***

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Alcaldía anteriormente, referente ás autorizacións concedidas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a instalación de quioscos desmontables de tempada na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

PERSOAL

10º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE UN/UNHA FUNCIONARIO/FUNCIONARIA INTERINO/INTERINA PARA COBERTURA DO POSTO DE SEPULTUREIRO/SEPULTUREIRA VACANTE POR XUBILACIÓN

Dáse conta de Decreto da Alcaldía ditado o día 16.09.2016, referente a aprobación de bases para a selección de un/unha funcionario/funcionaria interino/interina para cobertura do posto de sepultureiro/sepultureira vacante por xubilación, que é como segue:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a inminente xubilación do funcionario que ocupa a praza de sepultureiro municipal -Escala de Administración Especial-Servizos especiais Grupo C Subgrupo C2 nivel 16, que está recollida no cadro de persoal do Concello resulta necesario convocar o proceso selectivo conducente á cobertura con un funcionario/funcionaria interino/interina da mencionada praza, en tanto non se produce a súa cobertura definitiva, estimando que se trata dun caso excepcional, para cubrir unha necesidade urxente e inaprazable e que reúne as condicións establecidas no artigo 23.2.a da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, de aplicación no presente caso, por tratarse dunha vacante con dotación orzamentaria que non é posible cubrir co persoal funcionario de carreira.

A selección do persoal funcionario interino, segundo o artigo 24 da norma citada, realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrência.



Concello de Cangas

Vista a inminencia da xubilación do funcionario que ocupa a praza na actualidade e a necesidade de que esta estea cuberta á maior brevidade posible procede aprobar as bases e convocar a praza avogando a competencia delegada na Xunta de Goberno Local en virtude da resolución desta Alcaldía de data 2 de xullo de 2016.

En virtude do anteriormente exporto RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avogar a competencia delegada a Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución de data 2 de xullo de 2015, para aprobar as bases de selección que achegan como anexo á presente resolución.

SEGUNDO.- Aprobar as bases de selección que achegan como anexo á presente proposta para a cobertura con un/unha funcionario/funcionaria interino/interina do posto de sepultureiro/sepultureira en previsión da súa vacante por xubilación do titular actual, praza dotada orzamentariamente.

TERCEIRO.- Convocar a praza mencionada e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda a súa cobertura co carácter de funcionario/funcionaria a interino/interina.

CUARTO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas.

QUINTO.- Que se dea conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local”.

ANEXO

"BASES PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA FUNCIONARIO/FUNCIONARIA INTERINO/INTERINA SEPULTUREIRO/SEPULTUREIRA MUNICIPAL

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME APLICABLE E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases e a selección e posterior nomeamento como funcionario/funcionaria interino/interina da praza de sepultureiro/sepultureira (Escala de Administración Especial- Servizos especiais Grupo C Subgrupo C2 nivel 16) vacante por mor da xubilación do funcionario que a está a ocupar na actualidade e en tanto non se produce a súa cobertura definitiva estimando que se trata dun caso excepcional, para cubrir unha necesidade urxente e inaprazable e que reúne as condicións establecidas no artigo 23.2.a da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, de aplicación no presente caso, por tratarse dunha vacante con dotación orzamentaria que non é posible cubrir co persoal funcionario de carreira. O sistema de selección será o de oposición libre.

O procedemento selectivo de acordo co establecido no artigo 10.2 do TREBEP e 24 da Lei 2/2015, realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán,



Concello de Cangas

en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo, e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que resultase seleccionado, procedendo ao chamamento e ao nomeamento do seguinte aspirante en puntuación.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (www.cangas.gal) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións ás bases, ademais de publicarse un anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

De presentarse reclamacións ás bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para seren admitidos/as os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do art. 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.

d) Estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria



Concello de Cangas

ou equivalente.

e) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

f) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade á hora da formalización do contrato.

g) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

CUARTA.– SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DESTAS

*Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar presentando a instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro de Xeral de Entrada do Concello de Cangas **no prazo de 15 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no boletín oficial da provincia** e en horario de atención ao público.*

*A presentación de solicitudes poderá facerse en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. **Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ó 986304850, unha copia da instancia con anterioridade ó remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente**, ós efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.*

As solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente no modelo de instancia adxunto ás presentes bases que inclúe a declaración pola que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base terceira, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así se esixe polo Concello ou polo Tribunal de Selección.

Dita solicitude irá acompañada ademais da seguinte documentación:

- *Fotocopia do DNI ou NIE*
- *Xustificante acreditativo do pago das taxas (base oitava)*



Concello de Cangas

Os/as aspirantes quedan vinculados/as ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

*Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a **lista provisional de admitidos/as e excluídos/as**, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no Taboleiro de Anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **3 días hábiles** contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa o que se fará público, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello.*

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva. Igualmente se en calquera momento da tramitación do proceso de selección se comprobase que o/a aspirante carece deses requisitos malia figurar incluído na lista de admitidos será excluído inmediatamente.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha circunstancia prevista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

A composición efectiva do tribunal, así como a data das probas farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.



Concello de Cangas

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SÉTIMA.- FORMA DE DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DA OPOSICIÓN E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

*A oposición consistirá na realización dos tres exercicios que a seguir se relacionan aos que se accederá previo **chamamento único** para a realización de cada proba:*

PRIMEIRO EXERCICIO. PROBA ESCRITA DE COÑECEMENTOS PROFESIONAIS:

De carácter obrigatorio e eliminatorio

*Os aspirantes quedan convocados para a realización da **proba escrita de coñecementos profesionais, de carácter obrigatorio e eliminatorio** no día, hora e lugar que se estableza na resolución na que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos.*

Consistirá en contestar por escrito, un cuestionario de 30 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas por pregunta, nun tempo de sesenta minutos, en relación co temario xeral e específico reproducido a continuación. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada e as preguntas non contestadas non se puntuarán.

TEMARIO

TEMA 1.- O CONCEPTO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. A ADMINISTRACIÓN LOCAL E A SÚA CONFIGURACIÓN NA CONSTITUCIÓN

TEMA 2.- O MUNICIPIO: CONCEPTO, ELEMENTOS E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL (O ALCALDE, O PLENO, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL E AS COMISIÓNS INFORMATIVAS)

TEMA 3.- DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. NORMATIVA XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

TEMA 4.- O TERMO MUNICIPAL DE CANGAS: PARROQUIAS, LUGARES E RÚAS. AS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE CANGAS: DENOMINACIÓN E LOCALIZACIÓN

TEMA 5.- DECRETO 151/2014, DE 20 DE NOVIEMBRE, DE SANIDADE MORTUORIA DE GALICIA

TEMA 6.- ALBANELARÍA. DEFINICIÓNS, TÉCNICAS DE TRABALLO, MATERIAIS E



Concello de Cangas

FERRAMENTAS

TEMA 7.- XARDINERÍA. DEFINICIÓNS, TÉCNICAS DE TRABALLO, MATERIAIS E FERRAMENTAS

TEMA 8.- MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CEMITERIO, PINTURA, MATERIAIS E FERRAMENTAS

A puntuación máxima nesta proba será de 30 puntos sendo necesario obter 15 puntos como mínimo para entender superada esta.

SEGUNDO EXERCICIO. PROBA PRÁCTICA DE COÑECEMENTOS PROFESIONAIS

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Os/as aspirantes que superaran o primeiro exercicio serán convocados/as no día, hora e lugar que sinale o Tribunal para a realización do segundo exercicio que consistirá na execución dun exercicio práctico proposto polo Tribunal sobre as técnicas de traballo, uso de medios técnicos e ferramentas propios do posto. O tempo de realización da proba será establecido polo Tribunal en atención á súa natureza. O tribunal poderá formular preguntas aos aspirantes sobre aspectos da proba efectuada.

A puntuación máxima nesta proba será de 68 puntos sendo necesario obter un mínimo de 34 puntos para entender superada a mesma.

TERCEIRO EXERCICIO. PROBA DE COÑECECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Os/as aspirantes que teñan superado a proba práctica anterior serán convocados no día, hora e lugar que sinale o Tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega de carácter non eliminatorio que consistirá na tradución castelán-galego e/ou galego-castelán dun texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas. A proba valorarase de 0 a 2 puntos.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Iniciación. Os aspirantes que acheguen dito certificado se puntuarán con 2 puntos. O certificado será presentado ao Tribunal con antelación á realización da proba.

OITAVA.– DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para poder participar na proba selectiva o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias. Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente



Concello de Cangas

a cantidade a aboar son 8,52 €.(deberá facerse previa obtención da correspondente folia de liquidación na Tesourería do Concello)

NOVENA.- CUALIFICACIÓN, PROPOSTA E NOMEAMENTO

Rematado o proceso de selección, o tribunal determinará a cualificación final do proceso. Esta será a suma da puntuacións obtidas nas probas da Oposición.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase atendendo en primeiro lugar a favor do/a aspirante que obtivera maior puntuación na proba práctica, en segundo lugar de persistir o empate a favor do aspirante que obtivese a maior puntuación na proba escrita, finalmente o empate desfarase por sorteo entre os/as aspirantes empatados/as.

A continuación, o Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará á Alcaldía a correspondente proposta de nomeamento que incluíra o/a aspirante proposto/a para ser nomeado/a funcionario/a interino/a e o/a proposto/a para integrar o listado de substitucións do persoal seleccionado que estará constituído por aqueles aspirantes que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza por orde de puntuación.

O Concello de Cangas procederá ao nomeamento como funcionario/a interino/a do/a candidato/a que obtivera a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas nesta convocatoria, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base terceira.

DÉCIMA.– INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDÉCIMA.– NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro.



Concello de Cangas

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR A PRAZA DE FUNCIONARIO INTERINO SEPULTUREIRO.

APELIDOS, NOME:

TELÉFONO:

DNI:

ENDEREZO:

Solicita ser incluído/incluídaa na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo para a cobertura de unha praza de funcionario/funcionaria interino/interina sepultureiro/sepultureira convocado polo Concello de Cangas.

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente, non padece enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base terceira) e que non foi separado/separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado/inhabilitada para o exercicio das funcións públicas.

Cangas, de de 2016

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

*A presente instancia, debidamente **cuberta e asinada**.*

Fotocopia do D.N.I.

Xustificante acreditativo do pago das taxas.

No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego.

ALCALDÍA DO ILMO. CONCELLO DE CANGAS".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar o Decreto da Alcaldía transcrito anteriormente, referente a aprobación de bases para a selección de un/unha funcionario/funcionaria interino/interina para cobertura do posto de sepultureiro/sepultureira vacante por xubilación.

SUBVENCIONS

11º.- SOLICITUDE DE AXUDA A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA ADMINISTRACIONS PÚBLICAS E XUSTIZA, PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA-2016

Dáse conta de proposta do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, para solicitude de axuda á Vicepresidencia e Consellería de



Concello de Cangas

Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a promoción da igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida-2016, que é como segue:

"SOLICITUDE DE AXUDA Á VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA-2016

Publicada no DOG ne 168 de data do 5 de setembro de 2016 a Resolución do 1 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e se procede á súa convocatoria no ano 2016.

O Concello de Cangas co obxecto de facer cumprir un principio fundamental da democracia 'igualdade entre mulleres e homes', inicia o desenvolvemento de programas encaminados para tal fin en setembro do ano 2000 e sendo obxecto a resolución do 05.09.2016, a de convocar axudas e subvencións ás entidades locais de Galicia, destinadas a facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes, mediante a realización de actuacións dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidade e de trato, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural e á erradicación da violencia de xénero, a través de diferentes programas.

Redáctase pola directora do CIM memoria explicativa do funcionamento do CIM-CANGAS cun orzamento total de vinte e nove mil novecentos seis euros con oitenta céntimos (29.906,80 €), polo que se propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Secretaría Xeral da Igualdade ó abeiro da Resolución 1 de setembro de 2016, unha axuda polo importe de vinte e nove mil novecentos seis euros con oitenta céntimos (29.906,80 €), para desenvolver o programa de APOIO AOS CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES (CIM).

Segundo.- Declarar que para desenvolver o programa de apoio ós centros de información ás mulleres (CIM), non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar íntegramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, para solicitude de axuda á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a



Concello de Cangas

promoción da igualdade de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida-2016.

12º.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A PROMOCIÓN DAS DANZAS ANCESTRAIS-2016

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 26.09.2016 de aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a Promoción das Danzas Ancestrais-2016, que é como segue:

"PROPOSTA

APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A PROMOCIÓN DAS DANZAS ANCESTRAIS-2016

Que en relación coa axuda concedida polo importe de tres mil euros (3.000,00 €) para a PROMOCIÓN DAS DANZAS ANCESTRAIS, mediante resolución de concesión da directora da Axencia Turismo de Galicia, ao abeiro da Resolución do 17 de xaneiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia-2016.

Vista a memoria redactada pola concelleira de Turismo e Medioambiente na que fai constar o desenvolvemento do programa.

Visto o informe da Intervención Municipal da toma de razón na contabilidade das facturas que constan no expediente.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para a Promoción das Danzas Ancestrais polo importe de catro mil douscentos catro euros con setenta e catro céntimos (4.204,74 €), de conformidade co seguinte desglose:

Nº factura Data de emisión factura	Proveedor CIF	Concepto	Importe € sen IVE e con IVE	Aprobación por Resolución de Alcaldía e data de pagamento
2016ASL/2304 19/98/2016	INDUSTRIAS PLÁSTICAS ORENSANAS S.L. B32219701	17.000 bolsas de asa rizada 27+9x31 GR110 BLANCO e "CANGAS A MAR DE BEN"	3.844,74	22/09/2016 26/09/2016



Concello de Cangas

A338/16 31/08/16	IRISAR B36400067	Triptico a 4 4/4 tintas 135 grs estucado deseño tríptico dandas	360,00	22/09/2016 26/09/2016
---------------------	---------------------	---	--------	--------------------------

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican.

Terceiro.- Que de conformidade co informe da técnica de Turismo, deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida.

Cuarto.- Que para esa mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada; polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través desta subvención”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar íntegramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente á aprobación da conta xustificativa para a PROMOCIÓN DAS DANZAS ANCESTRAIS.

13º.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA

Dáse conta de proposta da Alcaldía de data 26.09.2016 de aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a obra de “Reforma do Saneamento e falso teito da Casa da Cultura”, que é como segue:

"PROPOSTA

APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA

Que en relación coa subvención concedida a este Concello polo importe de trinta e sete mil cincocentos trinta e sete euros con trinta e seis céntimos (37.537,36 €), para execución da obra 'Reforma do saneamento e falso teito da Casa da Cultura', concedida ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Admistracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2016.

Vista a documentación que constar no expediente e vista a certificación da Intervención:



Concello de Cangas

Propoño á Xunta de Goberno Local a aprobación da conta xustificativa polo importe total de cincuenta e seis mil setecentos setenta e cinco euros con vinte e seis céntimos (56.775,26 €), de conformidade co seguinte:

- Certificación nº 1, importe 11.236,41€ e factura nº 57, polo importe de 11.236,41€, aprobada pola Xunta de Goberno en data do 16.08.2016 e pagada mediante transferencia bancaria o día 19.08.2016.*
- Certificación nº 2 e factura nº 70, polo importe de 33.957,50 €, aprobada pola Xunta de Goberno de data do 19.09.2016 e pagada mediante transferencia bancaria o día 21.09.2016.*
- Certificación nº 3-final, importe e factura nº 71, polo importe de 11.581,35 € e aprobada pola Xunta de Goberno de data do 19.09.2016 e pagada mediante transferencia bancaria o día 21.09.2016.*
- Acta de recepción asina e aprobada pola Xunta de Goberno Local de data do 19.09.2016.*
- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e que se expresan anteriormente.*
- Que se cumpriu coa finalidade da subvención concedida de conformidade coa documentación que consta no expediente”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar íntegramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente á aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a obra de “Reforma do Saneamento e falso teito da Casa da Cultura”.

14º.- DAR CONTA DA AXUDA DA SECRETARÍA XERAL DE CULTURA PARA O PROXECTO ORQUESTRAL

Examinado o escrito da Secretaría Xeral de Cultura con data de rexistro de entrada do 19.09.2016 (nº 12.747), no que se comunica ao Concello de Cangas da concesión de subvención para o proxecto de “PROXECTO ORQUESTRAL”, por un importe de seiscentos quince euros con sesenta e catro céntimos (615,64 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento da concesión de subvención para o proxecto de “PROXECTO ORQUESTRAL”, por un importe de seiscentos quince euros con sesenta e catro céntimos (615,64 €).



Concello de Cangas

15º.- DAR CONTA DA AXUDA CONCEDIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO, PARA ACTIVIDADES XUVENÍS-2016

Examinado o escrito da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, con data de rexistro de entrada do 16.09.2016 (nº 12.675), no que se comunica ao Concello de Cangas da concesión de subvención para a realización de actividades dirixidas á xuventude, por un importe de dous mil cincocentos vinte e oito euros con trinta e nove céntimos (2.528,39 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento da concesión de subvención para a realización de actividades dirixidas á xuventude, por un importe de dous mil cincocentos vinte e oito euros con trinta e nove céntimos (2.528,39 €).

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS S/ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DA OBRA "ADECUACIÓN Á NORMATIVA DO PARQUE INFANTIL DE RODEIRA-AVENIDA DE OURENSE"

Dáse conta de proposta do día 26.09.2016 da concelleira de Obras e Servizos, referente a adxudicación de contrato menor da obra "ADECUACIÓN Á NORMATIVA DO PARQUE INFANTIL DE RODEIRA-AVENIDA DE OURENSE", que di o seguinte:

"PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRA

Visto o expediente tramitado para a adxudicación do contrato de obra 'Adecuación á normativa do parque infantil de Rodeira-Avenida de Ourense', financiada mediante subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016 (Resolución de 27 de xuño de 2016, recibida o 11 de xullo de 2016, rexistro de entrada nº 9019).

Visto que consta no expediente documento de retención de crédito de data 19 de xullo de 2016, que acredita a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización do contrato.

Visto que de acordo co establecido na citada convocatoria se solicitaron tres ofertas de empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato coas seguintes condicións e ser recibiron as seguintes:



Concello de Cangas

EMPRESA	REXISTRO DATA	PREZO NETO OFERTADO	IVE	PREZO TOTAL
<i>Proyect Six, Diseño y Distribución SL</i>	<i>nº 12954 15.09.2016</i>	<i>41.732,28 €</i>	<i>8.763,78 €</i>	<i>50.496,06 €</i>
<i>HPC Ibérica SA</i>	<i>nº 12586 15.09.2016</i>	<i>41.614,07 €</i>	<i>8.738,95 €</i>	<i>50.353,02 €</i>

Considerando que a oferta economicamente mais vantaxosa foi a presentada pola empresa 'HPC Ibérica SA', procede adxudicar este contrato á citada empresa.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'HPC Ibérica SA', con NIF nº B94108123 o contrato menor de obra "Adecuación á normativa do parque infantil de Rodeira-Avda. de Ourense" por importe total de cincuenta mil trescentos cincuenta e tres euros con dous céntimos (50.353,02 €) (21% de IVE incluído).

Segundo.- Dispoñer en contía de cincuenta mil trescentos cincuenta e tres euros con dous céntimos (50.353,02 €) o gasto que para este Concello representa a devandita contratación con cargo á aplicación 171.609 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data da sinatura da resolución, requiríndolle para que presente a seguinte documentación:

** Documentación acreditativa da personalidade xurídica do/da empresario/empresaria.*

Cuarto.- Nomear á aparelladora municipal Carmen Gómez Cancela directora facultativa da obra e coordinadora de seguridade e saúde.

Quinto.- Dar traslado deste decreto aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico así como á directora de obra.

Sexto.- Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Obras e Servizos, referente a adxudicación de contrato menor da obra "ADECUACIÓN Á NORMATIVA DO PARQUE INFANTIL DE RODEIRA-AVENIDA DE OURENSE".



Concello de Cangas

B) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS S/ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DA OBRA "ADECUACIÓN Á NORMATIVA DO PARQUE INFANTIL OUTEIRO-BALEA"

Dase conta de proposta do día 26.09.2016 da concelleira de Obras e Servizos, referente a adxudicación de contrato menor da obra "ADECUACIÓN Á NORMATIVA DO PARQUE INFANTIL OUTEIRO-BALEA", que di o seguinte:

"PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRA

Visto o expediente tramitado para a adxudicación do contrato de obra "ADECUACIÓN Á NORMATIVA DO PARQUE INFANTIL OUTEIRO-BALEA", financiada mediante subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016 (Resolución do Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra de 27 de xuño de 2016).

Visto que consta no expediente documento de retención de crédito de data 19 de xullo de 2016, que acredita a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización do contrato.

Visto que de acordo co establecido na citada convocatoria se solicitaron tres ofertas de empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato coas seguintes condicións e se recibiron as seguintes:

EMPRESA	REXISTRO DATA	PREZO NETO OFERTADO	IVE	PREZO TOTAL
IMA PRODUCTOS TÉCNICOS SL	nº 12896 20.09.2016	16.573,13 €	3.480,36 €	20.053,49 €
ECOGALAICO INNOVACIÓN SL	nº 12897 20.09.2016	16.241,67 €	3.410,75 €	19.653,42 €
ZONA DE OBRA-O ROSAL SLU	nº 12898 20.09.2016	15.744,47 €	3.306,34 €	19.050,81 €

Considerando que a oferta economicamente mais vantaxosa foi a presentada pola empresa 'ZONA DE OBRA-O ROSAL SLU', procede adxudicar este contrato á citada empresa.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'ZONA DE OBRA O ROSAL SLU', con NIF nº B94106663 o contrato menor de obra 'Adecuación á normativa do parque infantil Outeiro Balea', por importe total de dezanove mil cincuenta euros con oitenta e un céntimos (19.050,81 €) (21% de IVE incluído).

Segundo.- Dispoñer en contía de dezanove mil cincuenta euros con oitenta e un céntimos (19.050,81 €) o gasto que para este Concello representa a devandita



Concello de Cangas

contratación con cargo á aplicación 171.609 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data da sinatura da resolución, requiríndolle para que presente a seguinte documentación:

** Documentación acreditativa da personalidade xurídica do/da empresario/empresaria.*

Cuarto.- Nomear á aparelladora municipal Carmen Gómez Cancela directora facultativa da obra e coordinadora de seguridade e saúde.

Quinto.- Dar traslado deste Decreto aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico así como á directora de obra.

Sexto.- Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Obras e Servizos, referente a adxudicación de contrato menor da obra “ADECUACIÓN Á NORMATIVA DO PARQUE INFANTIL OUTEIRO-BALEA”.

C) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS S/ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DA OBRA “URBANIZACIÓN RÚA MESTRE TENREIRO”

Dase conta de proposta do día 26.09.2016 da concelleira de Obras e Servizos, referente a adxudicación de contrato menor da obra “URBANIZACIÓN RÚA MESTRE TENREIRO”, que di o seguinte:

“PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRA

Visto o expediente tramitado para a adxudicación do contrato de obra ‘URBANIZACIÓN RÚA MESTRE TENREIRO’, financiada mediante subvención concedida pola Deputación de Pontevedra ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2016 (Resolución de 1 de agosto de 2016, recibida o 8 de agosto de 2016, rexistro de entrada nº 10.585).

Visto que consta no expediente documento de retención de crédito de data 9 de agosto de 2016, que acredita a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a realización do contrato.



Concello de Cangas

Visto que de acordo co establecido na citada convocatoria se solicitaron tres ofertas de empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato coas seguintes condicións e se recibiron as seguintes:

<i>EMPRESA</i>	<i>REXISTRO DATA</i>	<i>PREZO NETO OFERTADO</i>	<i>IVE</i>	<i>PREZO TOTAL</i>
<i>Movimiento de áridos y construcciones de Arosa (MARCONSA) S.A,</i>	<i>nº 12536 14.09.2016</i>	<i>44.895,01 €</i>	<i>9.427,95 €</i>	<i>54.322,96 €</i>
<i>Construcción y deslizados Galicia SLU</i>	<i>nº 12541 14.09.2016</i>	<i>44.520,01 €</i>	<i>9.349,20€</i>	<i>53.869,21 €</i>

Considerando que a oferta economicamente mais vantaxosa foi a presentada pola empresa 'Construcción y deslizados Galicia SLU', procede adxudicar este contrato á citada empresa.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'Construcción y deslizados Galicia SLU', con CIF nº B94125861, o contrato menor de obra 'URBANIZACIÓN RÚA MESTRE TENREIRO', por importe total de cincuenta e tres mil oitocentos sesenta e nove euros con vinte e un céntimos (53.869,21 €) (21% de IVE incluído).

Segundo.- Dispoñer en contía de cincuenta e tres mil oitocentos sesenta e nove euros con vinte e un céntimos (53.869,21 €) o gasto que para este Concello representa a devandita contratación con cargo á aplicación 1532.639 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Terceiro. Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data da sinatura da resolución, requiríndolle para que presente a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da personalidade xurídica do/da empresario/empresaria.

Cuarto.- Nomear á apareladora municipal Carmen Gómez Cancela directora facultativa da obra e coordinadora de seguridade e saúde.

Quinto.- Dar traslado deste Decreto aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico así como á directora de obra.

Sexto.- Unha vez realizada a prestación, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede".



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Obras e Servizos, referente a adxudicación de contrato menor da obra "URBANIZACIÓN RÚA MESTRE TENREIRO".

D) PROPOSTA DA CONCELEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR MARÍA ROSA PAZOS MIRANDA FRONTE AO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 16/08/2016 DESESTIMATORIO DA SÚA SOLICITUDE DE MANTER A SÚA CÁMARA FRIGORÍFICA NO 1º ANDAR DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

Dase conta de proposta do día 26.09.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a recurso de reposición interposto por M.R.P.M. fronte ao acordo de Xunta de Goberno Local polo que se desestima a súa solicitude de manter a súa cámara frigorífica no primeiro andar do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA AO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR M.R.P.M. FRONTE AO ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 16.08.2016, DESESTIMATORIO DA SÚA SOLICITUDE DE MANTER A SÚA CÁMARA FRIGORÍFICA NO 1º ANDAR DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS:

ANTECEDENTES

1º.- O Concello de Cangas e a interesada, xunto con outras concesionarias de postos de froita, subscribiron o 21.08.2013 un convenio para o traslado dos postos dos que eran titulares do 1º andar ao baixo da Praza de Abastos, atendendo á solicitude realizada polas propias concesionarias e segundo o cal as concesionarias asumirían os custos das reformas derivadas do traslado.

2º.- O 03.06.2014 a M.R.P.M. foille notificado un requirimento de data 02.06.2014 (con rexistro de saída nº 169 do 03.06.2014) da concelleira responsable da Praza de Abastos do goberno municipal anterior Berta Pérez Hernández, no que expresamente se lle comunicaba por mor da limpeza do 1º andar que: 'de manter algún ben de calquera tipo da súa titularidade no espazo dos postos que ocupaba con anterioridade ao traslado á planta baixa deberá proceder a súa retirada antes do vindeiro 06.06.2014'. Escrito que de seguido continuaba advertindo: 'Despois desa data entenderase que renuncia á titularidade dos bens que alí se atopan pasando a considerarse obxectos abandonados para o seu posterior tratamento como residuos sólidos urbanos'.

3º.- Por escrito de data 01.06.2016, con rexistro de saída nº 1644 de data 07.06.2016) e notificado o 09.06.2016 con base nun informe da conserxería da Praza dando conta dunhas filtracións que terían orixe na citada cámara



Concello de Cangas

frigorífica, se volve a requirir da interesada que proceda a retirar a cámara frigorífica outorgándolle trámite de audiencia.

4º.- Dentro do prazo outorgado para a presentación de alegacións, a interesada presenta o 13.06.2016 (registro de entrada nº 7304) escrito polo que solicita autorización para seguir mantendo a cámara no mesmo lugar previo pago do recibo correspondente.

5º.- Por resolución da Alcaldía de data 18.07.2016 notificada á interesada o 22.07.2016, se desestimaba a solicitude anterior e se lle require novamente para que proceda á retirada da cámara frigorífica con advertencia da aplicación da execución subsidiaria prevista na normativa de aplicación.

6º.- O 09.08.2016 M.R.P.M. presenta novamente solicitude para manter a cámara frigorífica no mesmo lugar.

7º.- O 11.08.2016 pola Tesourería Municipal se informa que o único concepto polo que se lle cursa recibo mensual á interesada é pola taxa de ocupación do posto no mercado municipal sen ningún outro concepto adicional.

8º.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 16 de agosto de 2016 acordou desestimar a solicitude presentada por Dª. M.R.P.M. con registro de entrada nº 10711 de 09.08.2016 pola que pedía se lle autorizase a seguir mantendo o espazo que ocupa a súa cámara frigorífica no primeiro andar do Mercado Municipal de Abastos de Cangas.

9º.- Notificado o acordo anterior á interesada, esta interpuxo por escrito con registro de entrada nº 13064 do 23.09.2016 recurso potestativo de reposición contra aquel alegando en síntese que a cámara frigorífica que mantén no primeiro andar era un elemento básico dos postos que a interesada mantiña en concesión no primeiro andar antes do seu traslado e que cando este se fixo efectivo este se mantivo no lugar por indicación expresa, daquela, do concelleiro de Urbanismo Rafael Soliño Costas para facilitar os traballos de rehabilitación da zona alta da praza.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Dos antecedentes expostos resulta que a recorrente deberá ter trasladado integramente a súa actividade ao posto de froitería do que é titular na planta baixa da Praza de Abastos, sen que exista ningún documento no expediente do posto que a abeire para manter a cámara frigorífica no lugar que segue a ocupar.

Tal traslado efectuouse en atención a unha solicitude das propias concesionarias e de acordo cun convenio que prevía que estas asumirían os custos das reformas derivadas do traslado e que este debía incluír todas as instalacións de titularidade de cada unha das concesionarias, porque en caso



Concello de Cangas

contrario se estaría a ocupar, como semella que aconteceu no presente caso, mais superficie que a da concesión resultante tralo traslado.

Non serve de xustificación a necesidade de refrixeración que alega pois esa necesidade que cualifica como imprescindible non implica necesariamente o mantemento da cámara frigorífica na localización actual.

SEGUNDA.- No senso indicado o 03.06.2014 M.R.P.M. foi requirida por primeira vez pola concelleira responsable da Praza de Abastos do goberno municipal anterior Berta Pérez Hernández, no que expresamente se lle comunicaba por mor da limpeza do 1º andar que: 'de manter algún ben de calquera tipo da súa titularidade no espazo dos postos que ocupaba con anterioridade ao traslado á planta baixa deberá proceder a súa retirada antes do vindeiro 06.06.2014'. Escrito que de seguido continuaba advertindo: 'Despois desa data entenderase que renuncia á titularidade dos bens que alí se atopan pasando a considerarse obxectos abandonados para o seu posterior tratamento como residuos sólidos urbanos'.

O anterior pon de manifesto que a interesada foi obxecto de requirimento xa durante o mandato do anterior goberno municipal mediante o escrito da concelleira responsable da área na que se encadra a Praza de Abastos notificado o 03.06.2014, polo que non cabe atender a unha autorización do concelleiro de urbanismo (sen competencias na área) e da que non existe constancia no expediente.

En calquera caso aínda no hipotético caso de terse efectuado esta autorización do concelleiro de urbanismo esta estaría motivada por un feito puntual, 'facilitar os traballos de rehabilitación da planta alta da Praza', como sinala a propia interesada no seu recurso, o que implica a vontade de que rematada a circunstancia que motivaría esa autorización debера procederse á retirada definitiva, o que non ocorreu.

TERCEIRA.- Implicamente a propia recorrente entende que a ocupación pola súa cámara frigorífica do espazo do andar superior non resulta procedente, como se desprende do feito de que, no seu escrito de data de rexistro de entrada 13 de xuño de 2016, solicitaba a regularización da ocupación do espazo que ocupa a cámara previo pago do recibo correspondente, solicitude que foi desestimada expresamente por resolución de Alcaldía de data 18 de xullo de 2016 notificada o 22 de xullo de 2016.

CUARTA.- O 9 de agosto de 2016 novamente volve a solicitar a reclamante autorización para manter a cámara frigorífica no mesmo sitio alegando que a súa solicitude de 13 de xullo de 2016 (sic) non fora contestada, o que non é certo como xa queda dito, sendo desestimada polo acordo que agora se recorre en concordancia con todo o disposto e exposto desde 2013 e ata agora. O que queda de manifesto é que a reclamante está a ocupar un espazo que non lle



Concello de Cangas

corresponde e a reiterada inobservancia dos sucesivos requirimentos efectuados desde o Concello para regularizar a situación.

En conclusión procede desestimar o recurso de reposición interposto por M.R.P. M pola motivación exposta.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar con base na motivación exposta o recurso de reposición interposto por M.R.P.M. rexistro de entrada nº 13.064 do 23.09.2016 fronte ao acordo de Xunta de Goberno Local de data 12.09.2016 recordándolle que de non proceder á retirada voluntaria o Concello procederá de acordo co sinalado nos requirimentos anteriores.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada e a Concellería de Desenvolvemento económico e Emprego local co fin da súa comunicación ao conserxe do Mercado, advertíndolle que como recursos procedentes contra o presente acto que pon fin á vía administrativa pode interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a recurso de reposición interposto por M.R.P.M. fronte ao acordo de Xunta de Goberno Local polo que se desestima a súa solicitude de manter a súa cámara frigorífica no primeiro andar do Mercado Municipal de Abastos.

E) PROPOSTA DO CONCELEIRO DE ENSINO E DEPORTE S/CONCESIÓN DE MATRÍCULA GRATUITA NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CANGAS POR OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA

Dáse conta de proposta do día 16.09.2016 do concelleiro de Ensino e Deporte, referente a concesión de matrícula gratuita no Conservatorio Profesional de Música de Cangas por obtención de matrícula de honra, que é como segue:

"D. Xoán Carlos Chillón Iglesias concelleiro de Ensino e Deporte.

Vista a solicitude recibida nesta concellalía por parte de E.V.M., nai do alumno A.R.V. matriculado no curso 2015-2016 en segundo curso do grao profesional LOE na especialidade de percusión do Conservatorio Profesional de Música de Cangas na que solicita que lle sexa aplicada na matrícula do seu filloa o abeiro



Concello de Cangas

da resolución do decreto 89/2013 de 13 de xuño, no que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos nas ensinanzas de música, no referente ao artigo 7 punto 2 (matrículas de honra) onde se recolle que o/a alumno/alumna que obteña matrícula de honra nunha ou máis disciplinas, terá dereito a matrícula gratuita no mesmo número de materias do curso seguinte.

As cualificacións acadadas polo interesado son as que se achegan en documentos anexos.

Fago a proposta de levar dita solicitude á Xunta de Goberno do Concello para a súa valoración e aprobación".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Ensino e Deporte, referente a concesión de matrícula gratuita no Conservatorio Profesional de Música de Cangas por obtención de matrícula de honra.

F) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS

Dase conta de proposta do día 09.09.2016 da Alcaldía, referente a recoñecemento de obrigas, que é como segue:

"En exercicio das atribucións que me confire o artigo 185.2 do Real decreto legislativo 2/2004, unha vez prestada a conformidade a efectos de acreditar a efectiva entrega de bens ou prestación dos servizos que documentan, esta Alcaldía propón o recoñecemento das obrigas dimanantes da seguinte relación de gastos, con imputación ás aplicacións que se describen:

Doc. Acred.	Nome terceiro	Desc. Oper.	Importe (Eur)	Exercicio	C. Programa	C. Económica
B36612562	DARLIM SL	FR 00370583 SUMINISTRO MÁQUINA VARREDORA	59.170,21	2016	163	624
B36823227	SIELVIGO SL	FR.60 SUMINISTRO LUMINARIAS AV.EUG.SEQUEIROS	48.944,50	2016	165	639
		TOTAL	108.114,71".			

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente a recoñecemento de obrigas.



Concello de Cangas

G) INFORMES DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓNS VARIAS

G.1) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN NA AVENIDA DA CORUÑA

Vista a solicitude presentada en data 21.09.2016 por R.C.V., en representación de veciñanza da Avenida da Coruña, nº 124-Darbo, para realización de diversa sinalización na referida vía pública.

Así mesmo se dá conta de informe emitido o día 22.09.2016 pola Policía Local, que di o seguinte:

"Nº REX: 1848/16

ASUNTO: SOLICITUDES VARIAS DOS/DAS VECIÑOS/VECIÑAS DA AVENIDA DA CORUÑA, Nº 124

A Policía Local de Cangas con relación o escrito presentado polos/polos veciños/veciñas da Avenida da Coruña, nº 124, Cangas, no que solicitan a sinalización da rúa como zona residencial, a reparación das reixas do desaloxo da auga e a sinalización e pintado dun paso de peóns.

Por parte da Policía infórmase que non procede a realización de ditos pedimentos por tratarse dunha vía de competencia da COTOP".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Comunicar a R.C.V., en representación da veciñanza da Avenida da Coruña, nº 124, que a Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas ten competencia para sinalización da vía referida.

SEGUNDO.- Remitir o pedimento da veciñanza da Avenida da Coruña, nº 124, á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

G.2) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN EN RÚA ATRANCO, Nº 13

Vista a solicitude presentada o día 30.08.2016 por COMUNIDADES MORRAZO, en representación da Comunidade de Propietarios "ATRANCO", sita en Rúa Atranco, nº 13-Cangas, na que demanda diversa sinalización para a referida zona.

Dáse conta de informe emitido o día 22.09.2016 pola Policía Local, que é como segue:



Concello de Cangas

"Nº REX: 1847/16

ASUNTO: SOLICITUDE DE PINTADO DE FRANXAS AMARELAS EN RÚA ATRANCO, 13

A Policía Local de Cangas con relación o escrito presentado por 'Comunidades Morrazo', no que solicita o pintado de liñas amarelas en rúa Atranco, nº 13-Cangas.

Por parte da Policía infórmase que non procede por non tratarse duna vía de titularidade pública".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda denegar a solicitude realizada por COMUNIDADES MORRAZO, en representación da Comunidade de Propietarios "ATRANCO", sita en Rúa Atranco, nº 13-Cangas, na que demanda diversa sinalización para a referida zona.

G.3) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/RESERVA PÚBLICA DE VÍA NA AVENIDA DE BUEU, Nº 7

Vista a solicitude presentada o día 07.09.2016 por M.A.C.L., titular da "Farmacia Cordeiro", sita na Avenida de Bueu, nº 7-Cangas, na que demanda reserva pública de vía para a referida zona.

Dase conta de informe emitido o día 22.09.2016 pola Policía Local, que é como segue:

"Nº REX: 1849/16

ASUNTO: SOLICITUDE DE RESERVA PÚBLICA DE VÍA NA AVENIDA DE BUEU, Nº 7 (FARMACIA CORDEIRO)

A Policía Local de Cangas con relación o escrito presentado por M.A.C.L., titular da 'FARMACIA CORDEIRO', no que solicita que se habilite unha reserva pública de vía para facilitar o acceso ó servizo público da farmacia ós pacientes e os pacientes minusválidos.

Por parte da Policía infórmase que non se observan inconveniente en acceder ao solicitado, sendo acertada a situación dos dous aparcamentos (discapacitados e agás farmacia, urxencias).

A sinalización dos aparcamentos deberá ser:

- *Sinal R-308 con placa e lenda 'Agás farmacia máximo 10 minutos'.*
- *Estacionamento para discapacitados (S-17 achegado co símbolo internacional de accesibilidade)".*



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe da Policía Local, transcrito anteriormente para sinalización na Avenida de Bueu, nº 7-Cangas.

G.4) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN DA RÚA SUBRIDO

Dáse conta de informe do día 20.09.2016 da Policía Local referente a sinalización da rúa Subrido, que é como segue:

"O departamento de sinalización do Concello de Cangas por medio do presente informa:

Que se procede a colocar un sinal de rúa cortada en rúa Subrido, subida ao Monte en Pinténs, así como pintar unha praza de discapacitados na baixada dos Carballos no mesmo lugar".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, toma coñecemento do informe emitido pola Policía Local referente a sinalización da rúa Subrido".

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente